



Anuncio da resolución de Alcaldía núm. 2024-0075, do 31 de xaneiro, pola que se aproban as bases e a convocatoria do Concurso de Entroido 2024.

O Concello de Porto do Son, a través da Concellería de Cultura, convoca unha nova edición do Concurso de Disfraces e Comparsas de Entroido.

1. Estas bases se regulan na Ordenanza reguladora da Concesión de Subvencións por parte do Concello a asociacións e entidades sen fin de lucro existentes no Concello publicadas no BOP nº 153 do 4 de xullo de 2008.

2. Os créditos orzamentarios ós que se imputan os premios resultantes deste concurso ascenden en total a un máximo de 3.775,00€ que se imputarán con cargo á aplicación 338.48001 do orzamento 2023 prorrogado ao 2024 (aplicación 338.48019 do orzamento de 2023).

3. O obxecto e finalidade do presente Concurso de Entroido é o fomento e participación cidadá na celebración do mesmo así como potenciar a actividade lúdica. Rexeitaranse aqueles disfraces/actuacións que atenten contra a dignidade das persoas ou vulneren os valores e dereitos recoñecidos na Constitución, está prohibido o uso de lumes e pirotecnias nos disfraces).

4. O Concurso de Entroido 2024 celebrarase os seguintes días nas Categorias, días e lugares que se sinalan a continuación:

	CATEGORIAS	DATA DE CELEBRACIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN
CONCURSO INFANTIL	INDIVIDUAL,PARELLA E GRUPO	SÁBADO 10 DE FEBREIRO	EXPLANADA PORTUARIA
CONCURSO MAIORES	COMPARSA,GRUPOS E INDIVIDUAIS	LUNS 12 DE FEBREIRO	EXPLANADA PORTUARIA

*EN CASO DE CONDICIÓN METEOROLÓXICAS ADVERSAS CELEBRARASE NO POLIDEPORTIVO SANTA IRENE

5. Requisitos para participar no Concurso:

Para poder participar e optar aos premios é imprescindible presentar no rexistro administrativo do Concello de Porto do Son, a solicitude de inscrición que se achega a estas bases como Anexo 1 (para o Concurso dos Maiores) e Anexo 2 (para o Concurso Infantil) indicando nel as seguintes categorías se vai a participar:

- A. CONCURSO INFANTIL, para todos os rapaces ata os 12 anos incluídos.
 - a) Categoría Individual estará composta por 1 compoñente.
 - b) Categoría Parella estará composto por 2 compoñentes.
 - c) Categoría Grupo estará composto por 3 ou máis compoñentes.





B. CONCURSO DOS MAIORES

Poderán participar neste as persoas a partir dos trece anos cumpridos na data da inscrición da solicitude (en caso de dúbida requirirase documentación), sendo as categorías da seguinte composición:

- a) Comparsa: grupo de persoas integrado por número igual ou superior a 15 membros, contando cun mínimo de 6 persoas de trece ou máis anos.
- b) Grupo: mínimo tres membros de trece ou máis anos, podendo estar acompañados por 3 rapaces menores de 13 anos.
- c) Individuais: contan cun único membro de trece ou máis anos.

As solicitudes de inscrición deberán presentarse debidamente cumprimentadas como data límite ata o día 8 de febreiro de 2024, de xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello ata ás 14:00 h ou de xeito telemático a través da sede electrónica ata ás 23:59 h.

As comparsas deberán entregar a letra das murgas xunto coa solicitude de inscrición.

6. Desenvolvemento do Concurso infantil:

Os nenos disfrazados presentaranse o sábado 10 de febreiro Praza de España ás 17:00h. onde comezará o pasarruas e baixará pola Rúa Trincherpe ata a explanada portuaria na que terá lugar a actuación perante o xurado. Os mellores disfraces na categoría "Individual" e "Parella" serán nomeados Rei e Raíña do Entroido 2024 (serán escollidos unicamente polo xurado profesional) e deberán encabezar o desfile do luns de Entroido (en caso de non facelo non terían dereito a percibir o premio en metálico o luns do desfile) que terá lugar o día 12 de febreiro ás 17:00h saíndo da Casa de Cultura ata o explanada portuaria (sempre e cando as condicións meteorolóxicas sexan as adecuadas).

7. Desenvolvemento do Concurso de Maiores:

A proba consistirá na participación no DESFILE que sairá da Casa da Cultura de Porto do Son o día 12 de febreiro ás 17:00h. facendo un percorrido polas rúas de Porto do Son ata a explanada portuaria, onde terá lugar a actuación perante o xurado, que consistirá en cantar e representar a murga no escenario na categoría de Comparsas, e a exhibición como mínimo nos Individuais e Grupos.

Se os concursantes precisan de música específica, antes da actuación diante do xurado deberán entregar ao persoal do Concello encargado da organización, un dispositivo electrónico de almacenaxe de datos (pendrive) ca letra e música requirida. No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo entregado, empregarase a música prevista pola organización.

8. Baremo de puntuación no concurso infantil.





A puntuación obtida por cada participante infantil segundo a categoría será o resultado da obtida polas seguinte valoración

CONCURSO INFANTIL- CATEGORÍAS INDIVIDUAIS, GRUPOS E PARELLAS

SÁBADO, 10 DE FEBREIRO

EXECUCIÓN E POSTA EN ESCENA (XURADO 1)	PERRUQUERIA E MAQUILLAXE (XURADO 2)	DIFICULTADE E BOA EXECUCIÓN DO VESTIARIO. (XURADO 3)	O MAIS POPULAR (XURADO POPULAR VOTACIÓN ONLINE)
0-10	0-10	0-5 (COMPRADO) 0-10 (FEITO)	0-10

9. Sistema de obtención da puntuación. Valoración do xurado profesional e valoración popular electrónica

A valoración realizarase polo xurado profesional e pola cidadanía, a través da descarga nun dispositivo electrónico do código QR, de acordo coas seguintes regras:

- a) Cada un dos membros do xurado profesional valorará unicamente a categoría profesional asignada segundo se recolle no recadro mencionado anteriormente, do seguinte xeito:
 - O xurado 1 valorará unicamente a execución e posta en escena de cada un dos participantes.
 - O xurado 2 valorará unicamente a perruquería e o maquillaxe de cada un dos participantes.
 - O xurado 3 valorará unicamente a dificultade e a boa execución do vestuario de cada un dos participantes.
- b) O rei e raíña do entroido será escollido unicamente polo xurado profesional, estes non se poderán votar polo sistema electrónico QR.
- c) A puntuación máxima a acadar nas distintas categorías do concurso de nenos (individuais, grupos e parellas) ascende a 40 puntos. En caso de empate, terase en conta a puntuación do xurado profesional co voto de calidade do presidente.
- d) Para as restantes categorías (individuais, grupos e parellas) a cidadanía outorgará os puntos aos participantes de cada categoría a través do código QR para o cal, deberán acceder ca cámara do móbil ao QR individual e seleccionar a opción desexada e enviar.

A aplicación do sistema electrónico QR para emisión de votos por parte do xurado popular será aberta despois da aparición do último participante e permanecerá aberta durante o mesmo período de tempo establecido para a emisión de votos por parte do xurado profesional, unha vez que o xurado profesional remate de emitir o seus votos pecharase o sistema electrónico QR. A suma dos votos emitidos polo xurado popular será sumado automaticamente pola aplicación de sistema electrónico QR utilizado.





- e) Finalizado o prazo de votación será a Concelleira de Cultura a que de traslado ao xurado profesional dos votos emitidos polo xurado popular dende a aplicación do sistema electrónico QR. Acto seguido será o xurado profesional o encargado de sumar a totalidade de puntos asignados aos participantes.

Da votación popular obterase unha listaxe dos participantes ordenados segundo o maior número de votos aos cales lles corresponderá a seguinte puntuación:

Os primeiros	10 puntos
Os segundos	7 puntos
Os terceiros	5 puntos

- f) A organización non se fai responsable do mal uso da aplicación da votación. No caso de que xurdan problemas técnicos coa plataforma de votación que impidan obter o resultado correspondente á votación popular, a puntuación total verase reducida, sendo a puntuación máxima a acadar 30 puntos, os cales se corresponden coa puntuación emitida polo xurado profesional.
- g) A puntuación obtida por cada participante segundo a categoría será o resultado da obtida pola seguinte valoración de acordo co baremo que se indica no punto 8.

10. Baremo de puntuación no concurso de maiores. A puntuación obtida por cada participante segundo a categoría será o resultado da obtida polas seguinte valoración

CONCURSO DOS MAIORES-CATEGORÍAS COMPARSA, GRUPOS E INDIVIDUAIS

LUNS 12 DE FEBREIRO

ANIMACIÓN NO DESFILE (1) EXECUCIÓN E POSTA EN ESCEA (2) (XURADO 1)	PERRUQUERÍA E MAQUILLAXE (XURADO 2)	DIFICULTADE E BOA EXECUCIÓN DO VESTIARIO (XURADO 3)	MUSICA E LETRA (COMPARSA E GRUPOS) (XURADO 4)	O MAIS POPULAR (XURADO POPULAR VOTACIÓN ONLINE)
0-5 (1) 0-5 (2)	0-10	0-10	0-10	0-10

11. Sistema de obtención da puntuación. Valoración do xurado profesional e valoración popular electrónica.

A valoración realizarase polo xurado profesional e pola cidadanía, a través da descarga nun dispositivo electrónico do código QR, de acordo coas seguintes regras:

- a) Cada un dos membros do xurado profesional valorará unicamente a categoría profesional asignada segundo se recolle no recadro mencionado anteriormente, do seguinte xeito:
- O xurado 1 valorará unicamente a animación no desfile e a execución e posta en escea.
 - O xurado 2 valorará unicamente a perruquería e o maquillaxe.





- O xurado 3 valorará unicamente a dificultade e a boa execución do vestiario de cada un dos participantes.
 - O xurado 4 intervirá unicamente na valoración de comparsas e grupos outorgando puntuación en relación coa música e a letra.
- b) A puntuación máxima a acadar nas distintas categorías do concurso de maiores ascende a 50 puntos para as categorías de comparsas e grupos e de 40 puntos para a categoría individual. En caso de empate, terase en conta a puntuación do xurado profesional co voto de calidade do presidente
- c) A cidadanía outorgará os puntos aos participantes de cada categoría a través do código QR para o cal, deberán acceder ca cámara do móbil ao QR individual e seleccionar a opción desexada e enviar.
- A aplicación do sistema electrónico QR para emisión de votos por parte do xurado popular será aberta despois da aparición do último participante e permanecerá aberta durante o mesmo período de tempo establecido para a emisión de votos por parte do xurado profesional, unha vez que o xurado profesional remate de emitir o seus votos pecharase o sistema electrónico QR. A suma dos votos emitidos polo xurado popular será sumado automaticamente pola aplicación de sistema electrónico QR utilizado.
- d) Finalizado o prazo de votación será a Concelleira de Cultura a que de traslado ao xurado profesional dos votos emitidos polo xurado popular dende a aplicación do sistema electrónico QR. Acto seguido será o xurado profesional o encargado de sumar a totalidade de puntos asignados aos participantes.
- Da votación popular obterase unha listaxe dos participantes ordenados segundo o maior número de votos aos cales lles corresponderá a seguinte puntuación:

Os primeiros	10 puntos
Os segundos	7 puntos
Os terceiros	5 puntos

- e) A organización non se fai responsable do mal uso da aplicación da votación. No caso de que xurdan problemas técnicos coa plataforma de votación que impidan obter o resultado correspondente á votación popular, a puntuación total verase reducida, sendo a puntuación máxima a acadar 50 puntos no caso de comparsas e grupos e 40 puntos na categoría individual, os cales se corresponden coa puntuación emitida polo xurado profesional.
- f) A puntuación obtida por cada participante segundo a categoría será o resultado da obtida pola seguinte valoración de acordo co baremo que se indica no punto 10.

12. Composición e nomeamento do Xurado

Os membros do xurado serán nomeados por decreto de Alcaldía e publicados polo Concello de Porto do Son o venres anterior á celebración do concurso, a través da súa páxina web. O xurado estará composto por 3 persoas na modalidade do concurso infantil e 4 persoas na modalidade do concurso de maiores. Os membros do xurado serán alleos á organización do acto e gozarán de recoñecido prestixio no seu ámbito profesional, de acordo coa seguinte procedencia:





- Xurado 1 – profesional do ámbito do baile
- Xurado 2- profesional do ámbito da perruqueira / estética
- Xurado 3- profesional do ámbito do corte, confección e moda
- Xurado 4- profesional do ámbito da música

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións. A decisión do xurado será inapelable. O Xurado poderá declarar “desertos” calquera dos premios ou deixar fóra do concurso aos participantes se non reunisen as condicións mínimas establecidas nas presentes bases. O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

13. Premios:

Os premios outorgaranse, en función das puntuacións máximas acadadas por orde de prelación segundo se detalla, sen prexuízo da retención fiscal que proceda:

PREMIOS DO CONCURSO INFANTIL

	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
CATEGORÍA INDIVIDUAL	70,00€	50,00€	30,00€
CATEGORÍA PARELLA	100,00€	60,00€	40,00€
CATEGORÍA GRUPO	150,00€	75,00€	50,00€

REI DO ENTROIDO	100,00€
RAIÑA DO ENTROIDO	100,00€

PREMIOS DO CONCURSO DOS MAIORES

	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
COMPARSAS	800,00€	500,00€	300,00€
GRUPOS	500,00€	300,00€	200,00€
INDIVIDUAIS	200,00€	100,00€	50,00€

O día da celebración do concurso, ao finalizar o desfile o xurado se reunirá para a deliberación dos resultados, levantando acta da puntuación acadada polos participantes nas distintas categorías, e comunicando ao público e autoridades presentes os gañadores do concurso.

As comparsas deberán entregar a letra das murgas xunto coa solicitude de inscrición.

Pagamento dos premios:

A adxudicación dos premios farase de seguido coa entrega dos diplomas e as contías en metálico correspondentes.

Para o pagamento do premio en metálico será preciso a presentación ante o representante do Concello identificándose debidamente:

- A. No concurso infantil entregaranse aos menores de idade acompañados dos seus pais/nais/ titores legais que figuran na ficha de inscrición e que deberán identificarse co DNI e asinar a documentación





correspondente , o Rei e Raíña de Entroido páganse os premios o día do concurso dos maiores unha vez finalizado o desfile polas rúas.

- B. No concurso dos maiores, entregáranse ás persoas físicas e/ou representantes dos grupos/comparsas que figuran inscritos na solicitude de participación do concurso, a tal efecto deberán identificarse co DNI e asinar a documentación correspondente.

14. A participación no Concurso de Entroido implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.”





ANEXO 1: FICHA INSCRIPCIÓN CONCURSO DOS MAIORES. CATEGORÍA COMPARSA

FICHA DE INSCRIPCIÓN (cubrir asociacións e non asociacións)	
Nome da Comparsa	
Tema	
Nº de membros	/
Teléfonos contacto	
DNI (requírese fotocopia DNI)	
Imos utilizar música (risque o que corresponda)	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

Cubrir en caso de asociacións	
Razón social da entidade	
CIF da entidade (requírese fotocopia CIF)	
Nome e apelidos do representante da entidade (requírese fotocopia do DNI).	
Teléfono	

Na Categoría Comparsa precísase un total de **catro** representantes que serán aos que se lle entregará o premio en metálico o mesmo día de celebración do concurso de resultar gañador (Terán que vir provistos co DNI para a súa identificación).

Nome e apelidos d@ representante 1 (Requírese fotocopia DNI)		
Teléfono		DNI
Nome e apelidos d@ representante 2 (Requírese fotocopia DNI)		
Teléfono		DNI
Nome e apelidos d@ representante 3 (Requírese fotocopia DNI)		
Teléfono		DNI
Nome e apelidos d@ representante 4 (Requírese fotocopia DNI)		
Teléfono		DNI





ANEXO 1: FICHA INSCRICIÓN CONCURSO DOS MAIORES. CATEGORÍA GRUPO

FICHA DE INSCRICIÓN (cubrir asociacións e non asociacións)	
Nome do Grupo	
Tema	
Nº de membros	
Teléfonos contacto	/
DNI (requírese fotocopia DNI)	
Imos utilizar música (risque o que corresponda)	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

Cubrir en caso de asociacións	
Razón social da entidade	
CIF da entidade (requírese fotocopia CIF)	
Nome e apelidos do representante da entidade (requírese fotocopia do DNI).	
Teléfono	

Na Categoría Grupo precísase un total de **dous** representantes que serán aos que se lle entregará o premio en metálico o mesmo día da celebración do concurso de resultar gañador (Terán que identificarse co DNI).

Nome e apelidos d@ representante 1 (Requírese fotocopia DNI)		
Teléfono		DNI
Nome e apelidos d@ representante 2 (Requírese fotocopia DNI)		
Teléfono		DNI





ANEXO 1: FICHA INSCRICIÓN CONCURSO DOS MAIORES. CATEGORÍA INDIVIDUAL

FICHA DE INSCRICIÓN	
Nome e apelidos	
Tema	
Nº de membros	1
Teléfonos contacto	/
DNI (requírese fotocopia DNI)	
Utilizarei música (risque o que corresponda)	<input type="checkbox"/> i <input type="checkbox"/> n

Cubrir en caso de asociacións	
Razón social da entidade	
CIF da entidade (requírese fotocopia CIF)	
Nome e apelidos do representante da entidade (requírese fotocopia do DNI).	
Número de teléfono	

Os gañadores do Concurso individual terán identificarse co DNI o día da celebración do Concurso no momento da entrega do premio metálico.





(A cubrir polos representantes das Comparsas, Grupos e Individuais).

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ENCONTRARSE AO CORRENTE DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS, COA SEGURIDADE SOCIAL E NON SER DEBEDOR POR RESOLUCIÓN DE PROCEDENCIA DE REINTEGRO.

D/Dona. _____ con DNI _____

en representación do Grupo / Comparsa /Individual (risque o que corresponda)
_____ con domicilio social en
_____.

DECLARA baixo a súa responsabilidade

QUE a agrupación á que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

E para que así conste, aos efectos do previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e nos artigos 22- 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, asino a presente declaracións.

_____, de _____ de 2024

Asdo. _____





D. /D^a _____ con DNI n^o _____ e

con enderezo _____.

1^o) Que recibín a cantidade de _____ €.

2^o) Como resultado do _____ (1^o, 2^o, 3^o) posto na Categoría _____ (Individual, Comparsa, Grupo) do Concurso de Maiores celebrado o día 12 de febreiro de 2024 na explanada portuaria.

O beneficiari@ declara responsablemente que está ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello, xa que a contía outorgada non supera os 3.000€, tal e como se establece no artigo 24 do RD 887/2006, do 21 de xullo.

Asdo. D/D^a _____

Porto do Son, ____ de febreiro de 2024





ANEXO 2: FICHA INSCRIPCIÓN CONCURSO INFANTIL.

FICHA DE INSCRIPCIÓN	
Apelidos e Nome do nen@	
Data de nacemento	___/___/_____
DNI (EN CASO DE TELO) (Requírese fotocopia DNI)	
Apelidos e Nome do pai e nai ou titor legal (requírese fotocopia DNI)	Pai: _____ Nai: _____ Titor legal: _____
Enderezo	
Nº teléfono	
Disfrace	
Categoría (Risque o que corresponda)	<input type="checkbox"/> Individual <input type="checkbox"/> Parella <input type="checkbox"/> Grupo

Sinatura do pai e nai ou titor legal:

Asdo. Pai: _____ Asdo. Nai: _____

Asdo. Titor: _____

Data: _____





Datos do Menor:

Apelidos e Nome do menor _____ con

DNI _____ (en caso de telo) e con enderezo en
_____.

Datos do Pai/Nai/Titor Legal:

Apelidos e nome da nai/pai/titor legal (que acompaña ao menor na entrega do premio)

_____ con DNI _____.

1º) Que recibín a cantidade de _____ €.

2º) Como resultado do _____ (1º,2º,3º) posto na Categoría _____ (Individual, Parella, Grupo, Rei, Raíña) do Concurso Infantil celebrado o día 10 de febreiro de 2024 na _____.

O beneficiari@ declara responsablemente que está ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello, xa que a contía outorgada non supera os 3.000€, tal e como se establece no artigo 24 do RD 887/2006, do 21 de xullo.

Asdo. Nai/pai/Titor legal _____

Asdo. Nen@ _____

Porto do Son, ___ de febreiro de 2024

